



INFORMACIÓN CAMPAMENTO 2017: NORMAS XERAIS E RECOMENDACIÓNS

É obrigatorio **traer roupa deportiva e tenis para cambiar os días que teñan actividade deportiva.**

É recomendable que leven auga e merenda, xa que se realizará un recreo.

Aconséllase levar a roupa marcada, e revisar ao marchar si levan todo.

Os venres, que realizaremos as saídas, pregamos traian viseira e crema protectora.

Non é obrigatorio avisar aos monitores/as de modificacións de horarios ou non asistencia ao campamento, máis si vai ser algo habitual ou planificado, por exemplo, entrar máis tarde ou saír antes por participar noutras actividades, non vir un día a semana, un período de vacacións, etc, recomendamos que llo comuniquen aos monitores/as.

Para todos aqueles que acudan a outras actividades deportivas municipais, encargáremonos de achegalos e recollelos dentro dos horarios do campamento. Para isto debedes avisarnos no momento da inscrición.

ENTRADAS E SAÍDAS

As entradas e saídas serán pola entrada da rúa Arcos Moldes. Cada fila estará marcada cun cartel, e é alí onde deben esperar os nenos/as. Pregamos aos pais ou acompañantes que esperen aos nenos e nenas no corredoiro da parte central, sen invadir as zonas de filas.

Ao longo do campamento, cando teñan que chegar tarde, entrarán acompañados polos pais/nais e dirixiranse ao seu grupo. No mes de agosto, como o colexio vai estar pechado agás para o campamento, darase un número de teléfono para aqueles que vaian chegar tarde ou teñan que saír antes.

No caso de que o grupo estea no pavillón, o monitor valorará se será proveitoso que baixe ou que se incorpore ao traballo noutro grupo. Poderá facer a incorporación ao pavillón si xusto chega no horario de cambio de grupo.

Os nenos/as non poderán saír do centro sós. No caso de que desexes que o neno/a marche só, deberás comunicalo por escrito. Asómesmo, será necesario comunicar por escrito si algún neno/a pode ser recollido unicamente por determinadas persoas.

CONTACTOS

Calquera dúbida poñédevos en contacto en campamento2017@concelloderianxo.gal ou no teléfono 664 181 401 (Uxía) ou 674 041 412 (Montse). Recordade que podedes seguir toda a información do campamento no blog rianxo.gal/campamento2017